

Resolución núm. 2019/1273

RESOLUCIÓN

Nomeamento como persoal eventual de don Javier Taboada Valdés coa categoría de administrativo de asistencia ao Grupo Socialista e cese de dona Yolanda Otero Barroso.

Unha vez visto que, trala aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo de 2018 por acordo do Pleno do día 21 de decembro de 2018 figura dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación o seguinte posto:

-Administrativo/a de asistencia ao Grupo Socialista. Número de postos: 2. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.303,89 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Socialista. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

Unha vez visto que o día 28 de xullo de 2015 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba como persoal eventual a dona Yolanda Otero Barroso coa categoría de administrativo de asistencia ao Grupo Socialista.

Unha vez visto o escrito presentado pola portavoz do Grupo Socialista, no que propón o cese de dona Yolanda Otero Barroso e o nomeamento de don Javier Taboada Valdés.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Declarar o cese de dona Yolanda Otero Barroso con efectos do vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove.

2.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don Javier Taboada Valdés con NIF 44455963E, coa categoría de administrativo de asistencia ao Grupo Socialista, asimilado ao subgrupo C1, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 1 de marzo de 2019.

3.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por ROSENDO
LUIS FERNANDEZ FERNANDEZ - 36003910D
O Deputado delegado de Facenda,
(P.D.: Decreto16/07/2015)
27/02/2019 - 8:55:10

Asinado electrónicamente por FRANCISCO
CACHARRO GOSENDE - 33317954Q
O Secretario Xeral
27/02/2019 - 9:51:40